

PROXECTO VOCES PARA MANUEL MARÍA. ESCRITORES IRMANS.

BIBLIOTECA ESCOLAR

Curso 2015-2016

Contido

A. Introducción	3
Xustificación	3
O proxecto.....	4
Contidos, competencias e criterios de avaliación	4
<i>Contidos</i>	4
<i>Competencias</i>	4
<i>Criterios de avaliación</i>	5
Calendario de realización	6
Participantes.....	7
Organización.....	7
B. Obxecto ou temática de investigación propostos	7
C. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	8
D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado	8
E. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado	10
F. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación	10
Recursos	10
Bibliografía e páxinas web consultadas:	10
Implicación da comunidade educativa	12
Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	12
Redes sociais:	12
Facebook (https://www.facebook.com/eoilugo)	12
Youtube (https://www.youtube.com/channel/UCUeUMfQgb5rudxMuT27EqxA).....	12
Blog (https://rochoteca.wordpress.com)	13
Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos que se van utilizar	13
Función e participación da biblioteca en todo o proceso	14

A. Introducción

Xustificación

A mellora da biblioteca do centro é, desde o ano 2011, unha prioridade na Programación Xeral Anual da Escola Oficial de Idiomas de Lugo. Durante os últimos catro cursos académicos, déuselle un impulso considerable.

Este curso 2015-2016, o EDB e o EDL realizamos unha programación conxunta, coa idea de unir esforzos, implicar máis profesorado e alumnado nas actividades do centro. Aproveitando que o Día das Letras Galegas estaba dedicado a unha figura tan próxima como a de Manuel María, deseñamos o proxecto **Voces para Manuel María, os poetas irmáns**. Coa implicación de toda a comunidade escolar neste traballo, pretendemos converter a biblioteca nun verdadeiro eixe vertebrador das actividades interdepartamentais.

Por outra banda, a escola está inmersa desde hai dous anos nun plan de formación, cuxo eixe é o traballo por proxectos como filosofía de centro. Durante este ano académico redactouse o Proxecto educativo e o Proxecto lector do centro, e en ámbolos dous documentos se contempla o traballo por tarefas ou por proxectos como unha ferramenta fundamental para a aprendizaxe das linguas estranxeiras e para a consecución dos obxectivos da PXA. Ademais, o PEC establece como prioridade impulsar o interese pola lecto-escritura desde a Biblioteca a través de proxectos comúns a todas as linguas. Este proxecto quere contribuír a acadar outros obxectivos xerais do Proxecto educativo:

- 🧠 Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
- 🧠 Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- 🧠 Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- 🧠 Potenciar o uso cotián do galego como lingua de comunicación na vida diaria do centro.

O obxectivo principal do proxecto en si é mellorar a calidade do servizo de biblioteca co fin de incentivar o seu uso, xa que consideramos que a experiencia lectora contribúe entre outros á adquisición das competencias básicas do alumnado. Ademais pretendemos crear un espazo de encontro de toda a comunidade escolar a diferentes niveis:

- 🧠 Encontro coa cultura impresa e dixital.
- 🧠 Encontro e afianzamento das relacións entre os membros da comunidade.
- 🧠 **Posibilitar o acceso aos recursos impresos e na rede de toda a comunidade escolar**, para dar resposta ás necesidades do alumnado menos favorecido a nivel social, económico e cultural.
- 🧠 **Incentivar o uso da biblioteca** escolar por parte da comunidade educativa, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención á diversidade e unha óptima atención á **multiculturalidade**, ás necesidades educativas específicas e ao **plurilingüismo**.

- 🧠 Favorecer a adquisición das **competencias básicas** nas linguas de estudo do noso alumnado e contribuír ao éxito na súa aprendizaxe.
- 🧠 Estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- 🧠 Fomentar o traballo en equipo.
- 🧠 Mellorar a **comunicación** con toda a comunidade educativa, a través do **blog** da biblioteca, da **páxina web** da escola, da **páxina** e do **grupo** pechado de **Facebook**.
- 🧠 Reforzar a **formación** do profesorado para un maior uso dos amplos recursos que as bibliotecas escolares poñen á súa disposición, de xeito que repercuta na mellora da calidade e a **renovación** das prácticas educativas.
- 🧠 Ampliar a visibilidade das **boas prácticas** que se poidan levar a través da nosa biblioteca escolar.

O proxecto

Tratábase de buscar un poeta análogo a Manuel María nalgún dos aspectos da súa figura (biografía, compromiso político, preocupación pola lingua e o ambiente, obra literaria,....) nas diferentes linguas que se estudan na EOI, investigar e crear diferentes tarefas finais, dependendo do nivel (biografía, estudo comparativo da temática empregada, comparación de poemas). As tarefas presentáronse nas aulas, tanto por escrito como oralmente, e como remate da actividade, fíxose unha presentación conxunta multilingüe o día 11 de maio no salón de actos do centro en torno ao Día das Letras Galegas.

Contidos, competencias e criterios de avaliación

As competencias clave que se traballan con todo o alumnado son as seguintes:

Contidos

- 🧠 Tipos de texto: A biografía, a poesía (textos literarios).
- 🧠 Culturais: Persoeiros e literatura da cultura meta.

Competencias

Comunicación lingüística (CCL)

- 🧠 Lectura comprensiva de textos informativos.
- 🧠 Selección de información en textos de diferentes soportes.
- 🧠 Producción oral e escrita de textos informativos.
- 🧠 Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos dunha estrutura previa.
- 🧠 Preparar un texto de referencia (por exemplo, sacado de internet). Tomar consciencia da distancia entre a lingua oral e a escrita.

Competencia dixital (CD).

- 🧠 Busca, selección e arquivo de imaxes para elaborar documentos informativos.

- 🔍 Busca e selección de información para a elaboración de textos informativos.
- 🔍 Consulta no Meiga de bibliografía existente na biblioteca.

Aprender a aprender (CAA).

- 🔍 Rexistro da bibliografía seleccionada.
- 🔍 Elaboración de listaxes de tarefas.
- 🔍 Utilizar recursos de aprendizaxe ao alcance buscando en internet máis información sobre un tema; ao traballar nun proxecto sobre un tema, facéndoo con quen pode ser de axuda no que respecta aos contidos ou á lingua e preguntando ao profesorado.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

- 🔍 Distribución de tarefas dentro do grupo de traballo para desenvolver as propostas.
- 🔍 Respeto ao traballo e ás achegas dos integrantes do grupo.
- 🔍 Reflexión e avaliación do funcionamento dos grupos de traballo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- 🔍 Elaboración de propostas para a resolución das tarefas.
- 🔍 Desenvolvemento de tarefas asignadas e avaliación da efectividade organizativa.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- 🔍 Adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa.
- 🔍 Desenvolver actitudes de respecto.

Ademais extraemos do currículo de cada nivel un criterio de avaliación, que se adecúa aos contidos e competencias que acabamos de detallar.

Criterios de avaliación

Nivel básico

Identificar información relevante en textos narrativos breves e sinxelos; textos que presenten unha secuencia lineal de elementos, publicados en medios de información, e que traten temas moi coñecidos ou relacionados coa súa experiencia e interese. Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para localizar información específica básica.

Realizar presentacións breves, sinxelas e previamente ensaiadas, sobre temas habituais e coñecidos. Valorase con este criterio a capacidade de producir un texto expositivo previamente ensaiado e de contido predicible para o oínte, cunha pronuncia suficientemente clara e comprensible.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizalos seguindo textos modelo. Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura

seguindo como modelo textos de características similares; a planificación e o ensaio do texto, a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interlineado, uso de maiúsculas e minúsculas...). Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, as novas tecnoloxías, etc.).

Nivel Intermedio

Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos, sempre que estean escritos en lingua estándar. Con este criterio preténdese valorar a capacidade de ler, cun nivel de comprensión global suficiente, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda ocasional do dicionario.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema coñecido ou do seu interese, en lingua estándar, clara e ben estruturada, salientando as ideas principais cunha precisión suficiente. Avaliase con este criterio a capacidade de facer unha exposición en público preparada previamente, sinxela e articulada e estruturada de tal xeito que se poida seguir sen dificultade.

Nivel avanzado

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar. Valorarase igualmente a capacidade de comprender o texto a pesar da distancia sociocultural.

Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), o uso do contexto, de dicionarios ou a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen. Con este criterio preténdese comprobar en todas as actividades de lectura a capacidade do alumnado de activar os coñecementos do mundo que posúa para poder anticipar o contido antes e durante a lectura, identificar o tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, activando coñecementos pre- vios sobre un tema adecuados a ese contexto, e reco- ñecendo as convencións, formas e usos lingüísticos que lle son propios. Valorarase a capacidade de usar as claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico así como a elaboración, a comprobación e a revisión das hipóteses establecidas e a capacidade de dedución da importancia da mensaxe e das súas partes constituíntes.

Calendario de realización

Voces para Manuel María iniciouse no mes de outubro e rematou, no que respecta á elaboración de materiais, no mes de maio. A exposición de materiais elaborados continuou até finais de curso nos corredores do centro e algúns dos materiais están pendurados no canal de *Youtube* da EOI.

O proxecto está incluído na PXA e estruturouse en diferentes fases:

Comezamos cunha presentación á comunidade educativa no primeiro trimestre. O EDL compilou información sobre o autor nun documento que entregou á xefatura de todos os departamentos do centro, xunto coa información sobre o proxecto.

Para o desenvolvemento do proxecto realizamos diferentes tipos de actividades de investigación por departamentos para elixir os escritores análogos. No segundo trimestre, o profesorado levouno ás aulas e comezou a fase de investigación por parte do alumnado e a elaboración dos materiais para as tarefas que se propuxeron. No terceiro trimestre, fíxose a presentación escrita e oral nas aulas, a avaliación e a selección de traballos para a posta en común no acto público o día 11 de maio.

Participantes

Todos os departamentos participaron no proxecto coordinado polo EDL e o EDB ao longo do curso:

- 🗣️ Alemán: Francisco Javier Pose Santos, Ruth Remírez de Esparza Lindner, Alyssa Rössler, Anxo Tarbernero e María José Veiga Díaz, con alumnado de 1º de básico, 1º de intermedio e 2º de avanzado.
- 🗣️ Chinés: Pablo Alonso e a auxiliar Song Yuan Yuan, con alumnado de básico 2.
- 🗣️ Francés: Beatriz López Díaz e alumnado de 2º de básico.
- 🗣️ Galego: Ana Monteserín Cancio e alumnado de C1.
- 🗣️ Inglés: Fátima Fugarolas López, Verónica Gaute Montes, Elena Longo González, Mercedes Teijeiro Gato e o auxiliar de conversa James Robert Fisher, con alumnado de básico 2, intermedio, avanzado e C1.
- 🗣️ Italiano: Ignacio Martínez Corbillón e Berta Santiago Lago, con alumnado dos niveis intermedio e avanzado.
- 🗣️ Portugués: Iago Bragado Trigo, María Vilaverde (Xosé Martínez Pedreiro).

Organización

O EDB e o EDL propuxeron o tema. A esta iniciativa, presentada na primeira reunión da CCP, adheríronse todos os departamentos, e, consecuentemente, incluíuse na P.X.A.

B. Obxecto ou temática de investigación propostos

Buscar un autor análogo a Manuel María, nas diferentes linguas de estudo da EOI para realizar un traballo de investigación e redactar e presentar oralmente unha biografía do autor (alumnado de Nivel Básico), traballar ou comparar aspectos comúns entre as súas obras (alumnado de Nivel Intermedio e Avanzado). A investigación realízase nas aulas e fóra do horario lectivo. O alumnado traballa preferentemente en grupo e presenta na súa lingua de estudo as investigacións realizadas en diferentes formatos (word, powerpoint, vídeos). Os materiais seleccionados para o acto do Día das Letras Galegas, tradúcese ao galego, para proxectalos mentres se fai a exposición oral multilingüe.

- 🔗 Os autores seleccionados polos departamentos didácticos obxecto de estudo son: Manuel María(todos os departamentos), Günter Eich (alemán), Ai Quing (chinés), José Afonso (portugués), Seamus Heaney (inglés), Paol Keineg (francés) e Umberto Saba (italiano).

C. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta

Como xa dixemos, o primeiro paso foi realizar unha programación conxunta co EDL, coa idea de unir esforzos, implicar máis profesorado e alumnado nas actividades do centro. Aproveitando que o Día das Letras Galegas estaba dedicado a unha figura tan próxima como a de Manuel María, deseñamos o proxecto Voces para Manuel María, os poetas irmáns.

O segundo paso foi levar a idea á primeira reunión da CCP, onde se acolleu con moito entusiasmo.

A continuación incluíuse na PXA. Para facilitar o labor dos departamentos, o EDL elaborou un caderno de materiais sobre Manuel María, que se entregou ás xefaturas de departamento.

Para reforzar o coñecemento da figura de Manuel María e do seu contorno, organizouse o roteiro *Viaxar e vivir con Manuel María* fóra do horario lectivo, o 3 de abril de 2016.

Xa que o EDB ten representantes de todas as linguas encargouse de coordinar o traballo nas súas reunións mensuais para poder tomar decisións de grupo, sobre todo, na maneira de estruturar e dividir os grupos de traballo ou que modelo ía empregar o alumnado para facer as biografías e os traballos comparativos entre os autores. A continuación cada departamento ocupouse de desenvolver a súa parte. A data límite para o envío dos traballos ao EDB foi o día 6 de maio de 2016.

A estrutura da exposición conxunta de todos os departamentos, o día 11 de maio, foi a seguinte:

- 🔗 Presentación do acto polo EDL e EDB
- 🔗 Presentación da figura de Manuel María polo Departamento de Galego
- 🔗 Presentación do autor análogo de cada departamento, seguindo a orde alfabética (alemán, chinés, francés, inglés, italiano, portugués) cunha duración máxima de 15 minutos por departamento.
- 🔗 Lectura de 2 poemas musicados polo grupo Tango en Xan3iro de Manuel María polo EDB
- 🔗 Despedida e agradecemento polo EDL e EDB

D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

- 🔗 Caderno sobre a figura de Manuel María con información compilada polo EDL. (Achégase como Anexo I)
- 🔗 Táboas de avaliación de expresión escrita e expresión oral, elaboradas polo grupo de traballo por tarefas do plano de formación do centro.

EXPRESIÓN ORAL – MONÓLOGO

PRODUCCIÓN	4	3	2	1	TOTAL
ADECUACIÓN	<p>CONTIDO Trata os tres puntos con precisión, non foxe do tema (a información é sempre relevante), en profundidade e con claridade (adequado).</p> <p>REXISTRO Emprega a linguaxe e as estruturas axeitadas ao rexistro.</p>	<p>CONTIDO Un dos puntos presenta imprecisións ou se trata con superficialidade.</p> <p>REXISTRO Emprega a linguaxe e as estruturas axeitadas ao rexistro aínda que pode presentar algunha vacilación.</p>	<p>CONTIDO Só trata un punto en profundidade ou toca os tres de xeito superficial .</p> <p>REXISTRO Emprega linguaxe e/ou estruturas pouco axeitadas ao rexistro e con frecuentes vacilacións.</p>	<p>Non se adecúa á tarefa pedida ou é ilexible.</p> <p>CONTIDO Trata aspectos illados dos puntos propostos con superficialidade ou non fala do tema.</p> <p>REXISTRO Non se adapta ao rexistro.</p>	PUNTUA- CIÓN
COHERENCIA E COHESIÓN	<p>O discurso é fluído e non supón un esforzo para o ouvinte. As ideas están expresadas de forma moi clara e precisa.</p> <p>Usa correctamente os conectores e os mecanismos de referencialidade cando é necesario (nin por exceso nin por defecto), seguindo os criterios de uso da lingua obxecto de estudo.</p>	<p>Nalgunha parte do discurso o ouvinte ten que esforzarse para comprendelo porque as ideas non están claras, ou non hai coherencia, ou falla a cohesión.</p> <p>Usa os conectores, e/ou os mecanismos de referencialidade adecuadamente, con algún erro illado.</p>	<p>O ouvinte ten que esforzarse para comprender a maior parte do discurso.</p> <p>Frecuentes erros no uso dos conectores e/ou os mecanismos de referencialidade.</p>	<p>Non se adecúa á tarefa pedida. O discurso non se comprende. O discurso non ten estrutura organizada.</p> <p>Non se usan conectores e/ou mecanismos de referencialidade ou se fai un uso erróneo.</p>	
RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	<p>Emprega correctamente estruturas de xeito moi variado e sen repeticións innecesarias. Pode presentar erros illados (non máis de dous) nas estruturas máis ambiciosas.</p>	<p>Emprega estruturas de xeito variado e/ou con algunha repetición innecesaria. Pode presentar erros illados (non máis de dous) que non dificultan a comprensión.</p>	<p>Emprega estruturas pouco variadas, con repeticións innecesarias e presenta erros frecuentes.</p>	<p>Non se adecúa á tarefa pedida. Emprega estruturas repetitivas, e presenta erros frecuentes que impide a comprensión.</p>	
RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA	<p>Emprega correctamente léxico moi variado, preciso e ambicioso. Pode presentar erros illados (non máis de dous) no léxico máis ambicioso. Pode presentar erros ortográficos illados (non máis de dous) no léxico máis ambicioso.</p>	<p>Emprega léxico variado con algún erro illado (non máis de dous) no léxico de uso frecuente. Pode presentar erros ortográficos illados (non máis de dous) en palabras de uso frecuente.</p>	<p>Emprega léxico pouco variado, con repeticións innecesarias, e presenta erros frecuentes no seu emprego ou na ortografía.</p>	<p>Non se adecúa á tarefa pedida. Emprega léxico repetitivo, e presenta erros frecuentes que impiden a comprensión. Erros ortográficos frecuentes.</p>	
RITMO, PRONUNCIACIÓN E ENTOACIÓ.	<p>Ritmo e entoación natural, e pronuncia clara e precisa.</p>	<p>Ritmo e entoación natural, e pronuncia clara. Pode presentar dificultades sistemáticas na pronuncia de algún fonema (non máis de dous).</p>	<p>Ritmo e entoación pouco naturais que dificultan a comprensión. A pronuncia presenta erros frecuentes.</p>	<p>Non se adecúa á tarefa pedida. Ritmo e entoación e pronuncia que impiden a comprensión.</p>	

PRODUCCIÓN LIBRE – EXPRESIÓN ESCRITA

PUNTUACIÓN	4	3	2	1	TOTAL
ADECUACIÓN	<p>CONTIDO Trata dos tres puntos con precisión, non foxe do tema (a información é sempre relevante), en profundidade e con claridade (adequado).</p> <p>TIPO DE TEXTO Utiliza todos os aspectos propios do tipo texto (ex.: artigo de opinión, blog, relato breve, informe...)</p> <p>REXISTRO Emprega a linguaxe e as estruturas axeitadas ao coñecemento sociocultural.</p>	<p>CONTIDO Un dos puntos presenta imprecisión ou se trata con superficialidade.</p> <p>TIPO DE TEXTO Aparecen os elementos propios do tipo de texto pero de maneira difusa ou falta un non relevante ou un dos elementos está incorrecto.</p> <p>REXISTRO A linguaxe é apropiada pero non contempla algún dos aspectos socioculturais.</p>	<p>CONTIDO Só trata un punto en profundidade ou toca os tres de xeito superficial</p> <p>TIPO DE TEXTO Só ten en conta algún elemento propio do tipo de texto ou os emprega erroneamente.</p> <p>REXISTRO Utiliza de maneira illada linguaxe e aspectos socioculturais pero non sempre nin correctamente.</p> <p>Non se adecúa á tarefa pedida ou é ilexible.</p>	<p>CONTIDO Trata aspectos illados dos puntos propostos con superficialidade ou non fala do tema.</p> <p>TIPO DE TEXTO Non se adapta o tipo de texto.</p> <p>REXISTRO Non se adapta ao rexistro.</p>	
COHERENCIA E COHESIÓN	<p>LECTURA FLUÍDA A lectura do texto non supón un esforzo para o lector.</p> <p>ESTRUTURA DO TEXTO O texto está estruturado en parágrafos. Usa parágrafos se é necesario. Os parágrafos están divididos seguindo os criterios establecidos. Cada parágrafo trata dun tema diferente, aínda que pode haber varios parágrafos sobre o mesmo tema. Uso adecuado de oracións simples e compostas.</p> <p>CONECTORES, MECANISMOS DE REFERENCIALIDADE, SIGNOS DE PUNTUACIÓN Usa correctamente os conectores, os mecanismos de referencialidade e/ou signos de puntuación cando é necesario (nin en exceso, nin nunca) seguindo os criterios de uso da lingua obxecto de estudo.</p>	<p>LECTURA FLUÍDA Nalgunha parte do texto o lector ten que esforzarse para comprendelo porque a expresión non é clara, ou non hai coherencia, falla a estrutura ou a cohesión.</p> <p>ESTRUTURA DO TEXTO O texto está estruturado en parágrafos. Non todos están ben divididos. Uso adecuado de oracións simples e compostas.</p> <p>CONECTORES, MECANISMOS DE REFERENCIALIDADE, SIGNOS DE PUNTUACIÓN Usa os conectores, os mecanismos de referencialidade e/ou signos de puntuación adecuadamente, con algún erro illado.</p>	<p>LECTURA FLUÍDA O lector ten que esforzarse para comprender a maior parte do texto</p> <p>ESTRUTURA DO TEXTO Uso esporádico ou excesivo de parágrafos. Oracións demasiado longas ou demasiado curtas. Só usa oracións simples</p> <p>Non se adecúa á tarefa pedida.</p> <p>CONECTORES, MECANISMOS DE REFERENCIALIDADE, SIGNOS DE PUNTUACIÓN Frecuentes erros no uso dos conectores, os mecanismos de referencialidade e/ou signos de puntuación.</p> <p>CONECTORES, MECANISMOS DE REFERENCIALIDADE, SIGNOS DE PUNTUACIÓN Non se usan</p> <p>Uso erróneo dos conectores, os mecanismos de referencialidade e/ou signos de puntuación.</p>	<p>LECTURA FLUÍDA O texto non se comprende.</p> <p>ESTRUTURA DO TEXTO Non hai parágrafos. O texto non ten estrutura organizada.</p>	
RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	<p>Emprega correctamente estruturas de xeito moi variado e sen repeticións innecesarias. Pode presentar erros illados (non máis de dous) nas estruturas máis ambiciosas.</p>	<p>Emprega estruturas de xeito variado e/ou con algunha repetición innecesaria. Pode presentar erros illados (non máis de dous) que non dificultan a comprensión.</p>	<p>Emprega estruturas pouco variadas, con repeticións innecesarias e presenta erros frecuentes.</p> <p>Non se adecúa á tarefa pedida.</p>	<p>Emprega estruturas repetitivas e presenta erros frecuentes que impiden a comprensión.</p>	
RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA	<p>Emprega correctamente léxico moi variado, preciso e ambicioso. Pode presentar erros ortográficos illados (non máis de dous) no léxico máis ambicioso.</p>	<p>Emprega léxico variado con algún erro illado (non máis de dous) no léxico de uso frecuente. Pode presentar erros ortográficos illados (non máis de dous) en palabras de uso frecuente.</p>	<p>Emprega léxico pouco variado, con repeticións innecesarias e presenta erros frecuentes no seu emprego ou na ortografía.</p> <p>Non se adecúa á tarefa pedida.</p>	<p>Emprega léxico repetitivo e presenta erros frecuentes que impiden a comprensión. Erros ortográficos frecuentes.</p>	

E. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

- 🧠 Recollida de información sobre os autores seleccionados.
- 🧠 Lectura de textos de Manuel María e dos outros escritores escollidos.
- 🧠 Escolla dos textos sobre os que se traballou.
- 🧠 Redacción de biografías.
- 🧠 Estudo comparativo das obras.
- 🧠 Tradución directa e inversa dos poemas e cancións escollidos.
- 🧠 Preparación das presentacións para o acto final.
- 🧠 Elaboración de presentacións en formato dixital.
- 🧠 Elaboración de vídeos.

F. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación

Recursos

- 🧠 Ordenadores da sala de informática e da aula de auto-aprendizaxe, portátiles dos departamentos didácticos, libros de consulta da biblioteca, páxinas web.
- 🧠 Caderno con información sobre a vida e obra de Manuel María. (EDL)

Bibliografía e páxinas web consultadas:

- 🧠 Ai Quing:
 - <http://pasionporchina.blogspot.com.es>
 - <http://activismolucha.wordpress.com>
- 🧠 José Afonso:
 - *José Afonso, Textos e Canções*; Lisboa, 1988 (Assírio & Alvim) (2ª edición revista e aumentada)
 - <http://www.aja.pt/> (Associação José Afonso)
 - <http://www.aja.pt/chula-da-povoa-e-nossa-senhora-da-guia-seguido-de-testemunho-de-benedicto-garcia-villar/> (sobre a relación entre as músicas "Chula da Póvoa" e "Nossa Senhora da Guia")
 - <https://www.youtube.com/watch?v=8ur7ne3SWwc> (música "Os vampiros (Eles comem tudo)")
 - <http://www.publico.pt/opiniao/jornal/eles-comem-tudo-meio-seculo-depois-26987167> (sobre a música "Os vampiros (Eles comem tudo)")

- <https://www.youtube.com/watch?v= ZP6V8vaFTk> ("A garrafa vazia de Manuel Maria")

💡 Manuel María:

- <http://www.casamuseomanuelmaria.gal/portada.htm>
- <http://primaveradasletras.gal/manuel-maria-fernandez-teixeiro/>
- <http://coordinadoraendl.org/letras2016/matdid.html>
- <http://seminariogalan.org/inicio/portada>
- <http://culturagalega.org/noticia.php?id=26389>

💡 Paul Keineg:

- *Le poème du pays qui a faim*, Traces, 1967, Ed. Bretagne 1982
- Triste Tristan, suivi de Diglossie, j'y serre mes glosses, éditions Apogée, 2003
- *Terre Lointaine*, éditions Apogée, 2004
- *Mauvaises Langues*, Éditions Obsidiane, 2014
- Le printemps des Bonnets Rouges, P.J. Oswald, 1972
- <http://www.babelio.com/>
- <https://fr.wikipedia.org/>
- www.franceculture.fr

💡 Seamus Heaney:

- North, Seamus Heaney. Faber & Faber, 2001
- The Haw Lantern, Seamus Heaney. Círculo de Lectores. 1996
- <http://www.irishtimes.com/culture/when-all-the-others-were-away-at-mass-tops-favourite-poem-poll-1.2135284>
- <http://www.telegraph.co.uk/culture/books/booknews/10276092/Seamus-Heaney-his-10-best-poems.html>
- <http://www.poetryfoundation.org/poems-and-poets/poets/detail/seamus-heaney>

💡 Umberto Saba:

- Umberto Saba (1961): *Il canzoniere (1900-1954)*, Torino, Einaudi. [Obra poética completa do autor]
- <https://www.youtube.com/watch?v=2xJoCybWOjo> [Vídeo introdutivo á vida e obra do poeta]
- https://it.wikipedia.org/wiki/Umberto_Saba [Biografía pormenorizada e listaxe da obra do autor]
- <http://www.ornitofilia.it/saba.pdf> [Biografía, estudo da obra e das características literarias do autor]

- <http://www.oilproject.org/lezioni/letteratura/letteratura-italiana/novecento/umberto-saba> [Biografía, análise da obra e comentario dos poemas "La capra" e "Trieste"]

🔊 Günter Eich:

- Gesammelte Werke in vier Bänden, Frankfurt/Main (Suhrkamp) 1991: Band I: Die Gedichte. Die Maulwürfe. Hrsg. von Axel Vieregge (agotado). Biblioteca da USC.
- https://de.wikipedia.org/wiki/Günter_Eich
- <https://www.hdg.de/lemo/biografie/guenter-eich.html>
- <https://www.literaturportal-bayern.de/autorenlexikon?task=lpbauthor.default&pnd=118529374>

Implicación da comunidade educativa

- 🔊 No proxecto estiveron implicados todos os departamentos didácticos da EOI de Lugo, EDL e Recursos TIC coordinados polo EDB.

Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Os traballos presentáronse nas aulas, expuxéronse nos corredores do centro e tiveron unha gran difusión nas redes sociais do centro.

Redes sociais:


Facebook (<https://www.facebook.com/eoilugo>)

Algúns exemplos son:

- 🔊 <https://www.facebook.com/eoilugo/posts/1208477092505629> (474 persoas acadadas)
- 🔊 <https://www.facebook.com/eoilugo/posts/1214216718598333> (1294 persoas acadadas, 12 compartidas)
- 🔊 <https://www.facebook.com/eoilugo/photos/a.764205393599470.1073741828.658192404200770/1214625998557405/?type=3&theater> (353 persoas acadadas)
- 🔊 <https://www.facebook.com/eoilugo/videos/1229343283752343>
- 🔊 <https://www.facebook.com/eoilugo/posts/1238150706204934> (816 persoas acadadas)



Youtube (<https://www.youtube.com/channel/UCUeUMfQgb5rudxMuT27EgxA>)



Blog (<https://rochoteca.wordpress.com>)

Roteiro Viaxar e Vivir con Manuel María:

<https://rochoteca.wordpress.com/2016/03/15/roteiro-literarioviaxar-e-vivir-con-manuel-maria/>

<https://rochoteca.wordpress.com/2016/06/15/roteiro-viaxar-e-vivir-con-manuel-maria/>

Voces para Manuel María:

<https://rochoteca.wordpress.com/category/galego/>

A Biblioteca participou activamente no Roteiro

<https://entrezulebosdias.wordpress.com/2016/04/04/unha-raiola-de-sol-que-toca-o-piano/>

Cráterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos que se van utilizar

CRITERIO	Grao de consecución
A nivel de alumnado	
Participou de xeito activo na procura de información, no desenvolvemento das actividades e na elaboración do proxecto.	100%
As súas aprendizaxes resultaron significativas.	100%
Realizou as actividades de xeito cada vez máis autónomo.	Si
Mantivo unha actitude motivada no proceso de desenvolvemento do proxecto.	100%
A nivel de profesorado	
Participou profesorado de todos os departamentos.	Si
Participou profesorado de todos os niveis.	80%
A participación conxunta do profesorado posibilitou un mellor coñecemento da temática por parte do alumnado.	Si
A nivel organizativo	
A estruturación e secuenciación dos obxectivos foi axeitada	Si
O deseño de actividades permitiu un maior coñecemento da temática por parte do alumnado.	Si
Contribuíuse ao desenvolvemento das competencias básicas	Si
Os espazos previstos foron axeitados para o desenvolvemento das diferentes actividades.	Si
Os materiais empregados foron axeitados para cada unha das actividades.	Si
Os tempos establecidos foron suficientes para desenvolver as actividades de xeito autónomo.	Si

A coordinación cos diferentes departamentos foi suficientemente efectiva para acadar os obxectivos propostos	Si
A nivel de difusión	
Acadouse un bo grao de participación por parte da comunidade educativa.	Si
O resultado da investigación chegou a toda a comunidade educativa.	75%

Función e participación da biblioteca en todo o proceso

A biblioteca elaborou e coordinou o proxecto en colaboración co equipo do EDL. Xunto co profesorado implicado, fóronse facendo pequenas modificacións do proxecto inicial que enriqueceron o traballo final.

Á hora de poñer en marcha o traballo, fixéronse varias reunións entre todo o profesorado implicado para poder tomar decisións de grupo, sobre todo, na maneira de estruturar e dividir os grupos de traballo ou que modelo ía empregar o alumnado para facer as biografías e os traballos comparativos entre os autores. O profesorado actuou como moderador, pois foi o alumnado quen tomou as decisións finais sobre o soporte no que ían a presentar os seus traballos. Na Biblioteca e na sala de autoaprendizaxe realizáronse a maioría das tarefas, sobre todo a de búsqueda, estrutura e elaboración do proxecto.

Contamos tamén coa aula de informática, ordenadores de aula e portátiles dos departamentos e do propio profesorado.